

ONDE NUNCA É MAÑÁ

Texto de MANUEL ÁLVAREZ TORNEIRO

Ilustracións de ALEJANDRO GONZÁLEZ PASCUAL

Encadernación rústica, sobrecuberta. 15 x 23,5 cm. 120 páx. 15 €.

ISBN 978-84-15250-69-2. Factoría K de Libros. Tambo.

*...E a maiores
as almofadas cómplices
que saben máis que calan:
as almofadas, esas
que se un día falasen
reberaría o mundo.*

(Fragmento de "Territorio")

Manuel Álvarez Torneiro segue rastrexando o pasado en "Onde nunca é mañá"; e porfía en facelo dende o compromiso coa exactitude da palabra. A acumulación de memoria é cada vez maior e iso leva o poeta a unha sorte de confesión aínda máis crepuscular.

Persisten liñas como o gusto pola reveladora enumeración paradoxal, a exuberancia de imaxes poderosas e un manexo léxico de ourive. Neste poemario, a vella aproximación dos versos á cadencia do sermón busca dun xeito máis claro a exquisitez da naturalidade.

Á fin, quen emerxe neste libro é alguén agradecido («ladrón de mel nos libros prohibidos») á caloríña que desprenden os cadros e as músicas dos mellores. "Onde nunca é mañá" convértese así nun inventario de alentos e latexos a cargo dun home de tantos, teimando sempre na batalla a favor da vida.

Esta obra séguelle a "Os ángulos da brasa" (Premio Ánxel Casal de Poesía 2012, Premio da Crítica Española 2012, Premio de Poesía da Asociación de Escritores en Lingua Galega 2012 e Premio Nacional de Poesía 2013), que vai pola cuarta edición en galego e foi traducida ao castelán por Teresa Seara para Visor Libros.



MANUEL ÁLVAREZ TORNEIRO

Onde nunca é mañá



TAMBO

■ **Temática:** poesía.

■ **Aspectos destacables:** do autor de "Os ángulos da brasa"; outros títulos da colección *Tambo*: "Os ángulos da brasa", "Alén da fronteira" (Premio Lois Tobío de Tradución 2012), que recompila a obra de sete poetas vascos; "Tríptico", de Antoni Marí; "Espiral de sombras", de Xavier Seoane; "Estrela do norte", de Luis Rei Núñez.

Manuel Álvarez Torneiro

(A Coruña, 1932)

Traballou durante moitos anos no eido do xornalismo, vencellado ao diario La Voz de Galicia. Mantén unha actividade poética ininterrompida dende a súa estrea serodia coa obra "Memoria dun silencio" (1982). A súa traxectoria inclúe os títulos "Rigorosamente humano" (1995, Premio Esquío), "Luz de facer memoria" (1999, Premio González Garcés e Premio da Crítica Española) e "Campo segado" (2001). Dende entón, vén publicando os seus libros na colección *Tambo*: "Epicentro" (2003, finalista do Premio Nacional de Poesía), "Setembro Stradivarius" (2004), "Parábola do incrédulo" (2006) e "Os ángulos da brasa" (2012, Premio Nacional de Poesía, Premio da Crítica Española, Premio Ánxel Casal da Asociación Galega de Editores e Premio de Poesía da Asociación de Escritores en Lingua Galega).